



# Ci US

Centro Singular de Investigación  
en **Tecnoloxías da  
Información**

## **Salón de actos**

Información sobre o uso do  
equipamento da sala.

## i Encendido e uso do sistema de proxección

- 1 Para usar o sistema de proxección hai que acender o proxeccionador, as pantallas e a matriz HDMI situada no armario.



Para facelo, hai que pulsar nos botóns correspondentes dos laterais da pantalla LCD do mando a distancia.

No caso de que o mando non mostre esta pantalla, hai que premer o botón e seleccionar «Proyector» na pantalla LCD.

- 2 Se queres proxectar usando o PC do armario acendelo neste momento. Se xa estaba acendido e non mostra saída de vídeo, move o rato ou pulsa o teclado. Se non funciona, preme un momento o botón de acendido do ordenador espera a que se apague e volve a acendelo.

Se queres proxectar usando outro equipo, podes conectalo ó conector HDMI ou VGA da mesa ou do atril.

- 3 No caso de que o proxeccionador e as pantallas non mostren a saída desexada, pódense utilizar os botóns **1** ó **6** para conmutar as entradas segundo o desexado:

- 1 HDMI da mesa
- 2 VGA da mesa
- 3 HDMI do atril
- 4 VGA do atril
- 5 PC do armario
- 6 Reservado para videoconferencia

Alternativamente, pódese pulsar o botón **Guide** para obter unha vista previa en pantalla de todas as entradas, e conmutar entre as mesmas coas frechas de dirección e o botón **OK**.

- 4 Ó rematar, utilizar os botóns correspondentes da pantalla LCD do mando a distancia para apagar o proxeccionador, a matriz e as pantallas.



A entrada do proxeccionador sempre é HDMI. Só se deben cambiar as entradas na matriz.

## i Acendido e uso do PC do armario

- 1 Acender o PC situado no armario pulsando no botón de acendido .

- 2 Seleccionar a conexión de vídeo correcta. Ver «Uso do sistema de proxección» xusto enriba para máis información.

- 3 Se despois duns segundos o PC da sala non mostra imaxe por ningunha pantalla, apagar pulsando brevemente unha vez no botón de acendido .

Cando remate de apagar, volver a acender pulsando o botón unha vez máis.

- 4 Introducir o nome de usuario e o contrasinal do CITIUS, ou ben usar a conta de convidado\*.

(\*). A conta de convidado bórrase unha vez remata a sesión e non pode facer uso de máquinas virtuais nela.

## i Uso do sistema de amplificación de son

- 1 Pulsar no botón grande situado no aparello etiquetado coma «Amplificador de sonido».

- 2 Axustar os controis etiquetados coma «Altavoces dianteiros» e «Altavoces traseiros» á súa posición de orixe nese mesmo aparello.

- 3 Conectar os micrófonos segundo se vaian a utilizar:

- Micrófono de solapa: Acender a base e a petaca.
- Micrófono de man: Acender a base e poñer o botón do micrófono na posición de acendido.
- Micrófonos das mesas. Conectar os micrófonos que se vaian a usar nas conexións das mesas e pulsar o botón de acendido.
- Micrófonos do atril. Conectar o micrófono á conexión do atril.

- 4 Utilizar os controis deslizantes da «Mesa de mezclas» para axustar o volume do aparello requerido, así coma o volume de saída global (controis en amarelo).

Asegurarse de que o canal de entrada non está silenciado. O botón **MUTE** correspondente debe estar sen pulsar.

Se aparece estática, axustar os volumes do amplificador de son e da mesa de mezclas para atopar un axuste aceptable.



## i Gravación e emisión en vídeo

É posible gravar e emitir as conferencias en directo por Internet a través de YouTube. A emisión en directo é opcional, e pódense utilizar as opcións de privacidade de Youtube ou facer o evento público.

- É imprescindible avisar con antelación á Unidade de Xestión de Infraestruturas TIC, para que se aseguren de que o sistema está en funcionamento, que hai pilas para os micrófonos, etc.
- Os poñentes deben firmar un formulario conforme ceden os seus dereitos de imaxe e entregalo en secretaría. O modelo pode descargarse da wiki do centro.
- O PC do armario queda reservado para procesar a gravación e emisión, e non é posible utilizalo para proxeccións. Por este motivo, debe utilizarse un ordenador portátil conectado ás conexións da mesa ou o atril.
- É recomendable acudir polo menos 15 minutos antes do comezo do acto. No caso de precisar reproducir material multimedia con son, é recomendable acudir polo menos 30 minutos antes, ou achegar con antelación o material á Unidade de Xestión de Infraestruturas TIC.